



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE DECEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/792/2018.- GERMAN MOSTEIRO MARTINEZ.- Conceder licenza para executar obras de rehabilitación para vivenda unifamiliar sita en Avda. de Raxoi, 11.

LIC/1521/2011.- MARINA PEREIRA ALDREY.- Estimar o recurso de reposición interposto contra o decreto da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica de data 25/10/2019, aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para obras de reconstrución da estrutura e cuberta dunha vivenda unifamiliar illada sita na rúa das Penas – Aríns, 24 – 26.

LIC/1940/2019.- UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A .- Conceder licenza para obras de construción de nova subestación Formarís - Parque empresarial da Sionlla (Obra civil) na rúa Rexión de Murcia, 1.

2.- Proposta da concellaría de Urbanismo relativa á solicitude de licenza para executar obras de rehabilitación para vivenda unifamiliar sita en Avda. de Raxoi, 11. LIC/792/2018. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concellaría de Urbanismo relativa á solicitude de licenza para obras de construción de nova subestación Formarís - Parque empresarial da Sionlla (Obra civil) na rúa Rexión de Murcia, 1. LIC/1940/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concellaría de Urbanismo relativa á estimación dun recurso de reposición interposto contra o seu decreto de data 25/10/2019; aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, e concesión de licenza para obras de reconstrución da estrutura e cuberta dunha vivenda unifamiliar illada sita na rúa das Penas - Aríns, 24 - 26. LIC/1521/2011. Estímase o recurso, acéptase a cesión de viario e concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á modificación do acordo da sesión de data 29.12.17, de pagamento do prezo xusto no expediente do proxecto de expropiación do vial de acceso a Formarís para as conexións exteriores do enlace da N-550 cos ámbitos industriais SUNP-37.3, SUNP-38 e FINSA. Modifícase o devandito acordo no que atinxe exclusivamente aos titulares das cantidades a percibir ou á súa cota de participación, sen alterar o xustiprezo total da parcela.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á desestimación dun recurso de reposición interposto pola mercantil Autobuses Urbanos de Lugo SA TRAPSA UTE (TRALUSA) contra o acordo da sesión de data 28.6.19. Desestímase o devandito recurso, mantendo o acordo da Xunta de Goberno en todos os seus termos.

7.- Aprobación de xustificacións de diversos convenios. Apróbanse as xustificacións.

8.- Aprobación de xustificacións de diversas subvencións. Apróbanse as xustificacións.

9 a 43 .- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Concédense os beneficios fiscais solicitados.

44.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Concédense as exencións solicitadas.

45.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto pola COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO, contra acordo de data 15.2.19, de denegación da exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Rexéitase o recurso.

46.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto por don JOSÉ MARÍA RAMA NÚÑEZ, contra o acordo da sesión de 15.3.19, de denegación da exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Rexéitase o recurso.

47.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto por don PABLO CARPINTERO ARIAS, contra acordo da sesión de data 13.7.18, e concesión de bonificación no imposto sobre bens inmóbiles. Estímase o recurso.

48.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os recoñecementos e as correspondentes indemnizacións substitutivas en favor de: varios provedores polo mantemento de copiadoras instaladas en edificios e instalacións municipais no período outubro-decembro, por 2.577,15 euros; varios provedores polo mantemento de sistemas de seguridade en edificios e instalacións municipais no período novembro-decembro, por 3.919,15 euros; ISS Facility Services, SA, polo servizo de limpeza de varios edificios e dependencias municipais en decembro, por 86.144,74 euros; varios provedores polo mantemento de sistemas de climatización en edificios e instalacións municipais no mes de novembro, por 3.085,19 euros; varios provedores polo mantemento de ascensores en edificios e instalacións municipais no período novembro-decembro, por 1.100,99 euros; e Gas Natural Comercializadora, SA, por gastos de subministro de enerxía eléctrica, por 7.910,18 euros.

49.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores. Valídase unha factura de Recursos Galicia, SL, por importe de 3.932,50 euros.

50.- Aprobación de prezos públicos e reducidos das actividades regulares de xaneiro a xuño de 2020, na rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, e dar conta da proposta programática regular de dita rede en este período. Apróbanse os prezos e dáse conta da programación.

51.- Aprobación inicial das subvencións correspondentes á convocatoria de 14 de outubro de 2018, relativas á fase 1 da área de rehabilitación integral do barrio de Vite. Apróbanse as devanditas subvencións, por un importe total de 25.735,04 € para 16 actuacións nun edificio da rúa de García Lorca.

52.- Aprobación inicial das subvencións correspondentes á convocatoria de 14 de outubro de 2018, relativas ás fases 4 e 5 da área de rehabilitación integral dos grupos de vivendas “Compostela e Cardenal Quiroga Palacios” do barrio de Pontepedriña. Apróbanse as devanditas subvencións, por un importe de 27.090 € (fase 5) para 8 actuacións nun edificio da rúa de Samos.

53.- Aprobación inicial das subvencións correspondentes á convocatoria de 14 de outubro de 2018, relativas á fase 8 da área de rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre. Apróbanse as devanditas subvencións, por un importe 362.816,47 € para 48 actuacións en tres edificios das rúas de Álvaro Cunqueiro, Bispo Diego Peláez e Vila de Rianxo,